

ASISTENTES:

Presidenta:

Dña. María Dolores Fernández Galiño

Vicepresidenta:

María Xosé Porteiro García

Vogais:

Polo Consello Consultivo

Dona María José Quintana Acebo

Polo Consello de Contas

Dona Isabel García Garrido

Pola Xunta de Galicia

Dña Patricia Brión Cabanelas

Secretario:

D. Santiago González Serrano

En Santiago de Compostela ás 11.00 horas do día 28 de Marzo de 2023, en sesión realizada por videoconferencia, e con asistencia das persoas indicadas á marxe, en sesión convocada por vía electrónica pola súa presidenta o día 21 de Marzo de 2023, ten lugar a 72 sesión ordinaria da Comisión da Transparencia de Galicia.

Na mesma procédese de acordo coa seguinte orde do día:

1. Saúda

A Presidenta inicia a sesión cunha benvinda aos membros.

Comunicase polo secretario que a representante da FEGAMP esta rematando unha reunión e que se conectara en canto lle sexa posible.

Así mesmo comunicase que dado que a representante do Consello de Contas ten relación familiar co interesado no expediente RSCTG 20/2023, o seu estudo e resolución posporase ata o final da reunión, e previamente a dita representante desconectarase da mesma .

Constátase a existencia de quórum suficiente para a celebración da reunión.

2. Aprobación, se procede, da acta da sesión do 28 de Febreiro de 2023.

Constátase o envío da acta da sesión e estando conformes todos os membros presentes apróbbase por asentimento.

3. Resolución, se procede, dos expedientes tramitados.

Apróbanse por unanimidade, tras o seu estudo e por asentimento as propostas de resolución dos seguintes expedientes:

Nº	Sentido
RSCTG/217/22	Estimación
RSCTG/2/23	Estimación
RSCTG/4/23	Desestimación

Nº	Sentido
RSCTG/37/23	Estimación
RSCTG/38/23	Inadmisión
RSCTG/39/23	Estimación

RSCTG/5/23	Desestimación
RSCTG/6/23	Estimación
RSCTG/9/23	Estimación
RSCTG/12/23	Desestimación
RSCTG/17/23	Estimación por motivos formais
RSCTG/20/23	Estimación
RSCTG/22/23	Estimación por motivos formais
RSCTG/23/23	Estimación por motivos formais
RSCTG/29/23	Estimación por motivos formais
RSCTG/32/23	Estimación por motivos formais
RSCTG/35/23	Desestimación

RSCTG/45/23	Inadmisión
RSCTG/47/23	Arquivo por Duplicidade
RSCTG/50/23	Inadmisión
RSCTG/59/23	Arquivo por Duplicidade
RSCTG/60/23	Arquivo por Duplicidade
RSCTG/62/23	Arquivo por Duplicidade
RSCTG/63/23	Arquivo por Duplicidade
RSCTG/64/23	Inadmisión
RSCTG/65/23	Inadmisión

A continuación, previa desconexión da sesión da representante do Consello de Contas, aprobouse o expediente RSCTG 20/2023, estimando a reclamación presentada.

4. Comunicación de procedementos contencioso-administrativos.

Dáse conta das seguintes resolucións xudiciais:

- Sentencia 39/2023, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo contra Resolución do 30 de novembro de 2021, (Expediente te RSCTG 146/2021), da Comisión da Transparencia de Galicia.
- Providencia do Tribunal Supremo pola que se inadmite o recurso de casación interposto contra a Sentenza N.º 300/2022 do 22 de xullo de 2022 pola que se desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a resolución da Comisión de Transparencia de Galicia (expediente RSCTG 80/2021).

5. Determinación da data da próxima reunión da Comisión

Acórdase manter a celebración da seguinte reunión o 25 de Abril de 2023 ás 11.00 horas.

6. Rogos e preguntas

Non hai rogos nin preguntas. Non habendo máis cuestións que tratar, sendo as 11.40 horas da tarde levántase a sesión, da que se estende a presente acta.

María Dolores Fernández Galiño
Presidenta de la Comisión da Transparencia

Santiago González Serrano
Secretario da Comisión da Transparencia